

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. A min este libro gustoume moito pola súa fantasía e pouca credibilidade, pero ten o seu punto crible. O personaxe que máis me gusta é o sarxento Gamallo un bo policía e amigo. Agora xa sei quen é o mestre Mateo e como se converterase en pedra. Eu recomendaríalle o libro a nenos da miña idade porque é moi educativo e divertido. O libro creo que non o poden ler o nenos menores de 12 anos por que hai algunhas cousas que son moi difíciles de captar. En xeral, o libro gustoume moito e recomendaríallo a outros nenos. **(Diego)**

2. O libro : "De como o Santo dos Croques se fai peregrino" é totalmente marabilloso. Non só polo estupendísimo argumento que ten, tamén pola idea e relación coa que relata a historia. A trama está moi ben enlazada, é divertido, orixinal e eu diría que un tanto especial. Polo que quixera felicitar ó autor Pepe Carballude polo seu excelente traballo, xa que hai tempo que ningún librome rir desa maneira e entreterme tantísimo. Ademais o conto ten uns capítulos que se afastan do habitual, non sabería explicarme con exactitude. O caso é que é un libro fascinante e recoméndollo non só a nenos de doce anos, tamén a calquera adulto. Esta historia pode deixar marabillada a calquera persoa, sen idades. Un saúdo. **(Verónica)**

3. Este libro relata a historia de como o mestre Mateo e mailo Anxo Trompeteiro deciden facer o Camiño de Santiago para que o Apóstolo perdoe ó mestre Mateo. É un libro moi entretido e fácil de ler, porque conta unha historia divertida. Gustoume moito, sobre todo ao principio, cando o mestre Mateo, figura de pedra no Pórtico da Gloria, convértese en persoa. Unha parella de turistas dáse conta, pero o comisario García non os cre. **(Javier)**

4. Gustoume moitísimo este libro porque relata un conto con moita imaxinación, diversión e moitas cousas que se poden desexar dun libro. A min persoalmente non me gustaba ler libros, pero unha vez que empecei a ler este libro "De como os santos dos croque se fai peregrino" engancheime e non puiden de deixar de lelo. Eu quedei encantada con este libro e espero que a xente o lea e que se enganche á lectura. Un Saúdo **(Paula)**

5. Novela escrita con moito humor e imaxinación, cun argumento certamente orixinal: a escultura do mestre Mateo cobra vida e acorda facer o camiño de Santiago na compañía dun anxo do Pórtico da Gloria. O libro está cheo de situacións divertidas propiciadas polo personaxe do anxo trompeteiro, invisible para o resto da xente pero non para o mestre Mateo. Fíxome moita graza o episodio con Avelina quen toma ao mestre por un santo e lle pide que faga un milagre, que axude ao seu neto con estudos. Éste lle di á muller que ... Para concluír direi que o libro me gustou un montón porque é divertido e fácil de ler. **(Alfonso)**